



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA OITO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000016

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día oito de maio de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 209 de data 7 de maio/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Tamara Sabín Caamaño

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 02.05.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 02.05.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/10.-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/10.

Elabórase a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/10 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 9 facturas ascende á cantidade de OITENTA E TRES MIL CATROCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (83.478,60 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/10 por importe bruto de 83.478,60 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000066).

3º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/12.-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/12.

Elabórese a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/12 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 9 facturas ascende á cantidade de CENTO VINTE E TRES MIL CENTO DOUS EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (123.102,28 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/12 por importe bruto de 123.102,28 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000071).

4º.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2023.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2023

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a existencia de crédito retida polos Servizos Económicos e visto o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

“INFORME SOBRE A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2023

Iria García Martínez, Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño, en relación ao Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero

INFORMO

Que en data 20.07.2023 publícase no BOE (nº172) a Resolución do 17 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, de transferencias para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o exercicio 2023, concedendo para o Concello de Valdoviño a cantidade de 2.746,51 euros.

Que os programas financiados con cargo a estes fondos abarcarán o período de execución comprendido entre o 1 de xullo de 2023 e o 30 de xuño de 2024, con data límite de presentación da xustificación o día 30 de setembro de 2024.

Que na actualidade desa cantidade gastouse un total de 799,30 euros, quedando dispoñibles 1947,21 euros.

Que para o gasto da cantidade pendente valóranse oportunas as dúas actividades que se presentan:

SOMOS E CONTAMOS. Obradoiro sobre educación e diversidade sexual.

Consiste nun obradoiro socioeducativo de 100 minutos dirixido aos grupos de 2º da ESO de CPI Atios. Desenvolverase no mes de xuño e ten por obxectivo achegar información sobre afectividade e sexualidade e sensibilizar ao alumado no principio da igualdade na diversidade dende unha perspectiva de dereitos sexuais e reproductivos.

Estas sesións teñen un custo total de 756,25 euros (con IVE).

O CUARTO LADO DO TRIÁNGULO. Obradoiro sobre coidados e igualdade.

Consiste en tres sesións de 2 horas dirixidas a mulleres maiores de 18 anos. A raíz das actividades xa feitas anteriormente existe un grupo habitual de mulleres participantes, de xeito que está empezando a crearse unha rede de apoio, sendo o obxectivo final que se consolide como tal.

O obxectivo destas sesións é sensibilizar sobre o valor dos coidados e traballo reproductivo, fomentar o diálogo profundo entre as participantes partindo da propia experiencia persoal.

Búscase ademáis promover os vínculos interxeracionais con outras veciñas, poñendo en valor as súas historias de vida a través de ferramentas de autoetnografía e transformacións no tempo.

O orzamento desta actividade son 1512,5 euros (con IVE).

Que para o desenvolvemento destes proxectos solicitouse orzamento e proposta a Rexenerando S. Coop., como entidade especializada en proxectos educativos de igualdade e perspectiva de xénero, así como na facilitación de grupos.

Que o orzamento total destas actividades é 2268,75 (con IVE) e a cantidade suvencionada susceptible de gasto é de 1947,21 euros, sendo precisa unha aportación municipal de 321,54 euros.

Preséntase este informe para a súa aprobación no órgano correspondente, sendo a Xunta de Goberno Local, para aprobar as actividades recollidas no marco do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero e o gasto correspondente.

En Valdoviño a 30 de abril de 2024

Iria García Martínez

Educadora Social (Col. 3545)”

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da programación das actividades e do gasto en relación á transferencia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, presentada polo departamento de Servizos Sociais.

En Valdoviño, a 6 de maio de 2024

Alberto González Fernández
O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A008/000019).

5º.- CONTRATACIÓN DO PROGRAMA: “CONCILIA TEMPOS VERÁN 2024”.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS VERÁN 2024”

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, coñecendo da necesidade de desenvolver o programa “Concilia Tempos Verán” de conciliación da vida familiar, persoal e laboral durante o período vacacional de verán vista a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos do Concello e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

“INFORME DE NECESIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS VERÁN” (2024)

1. ANTECEDENTES

O programa Concilia Verán leva funcionando dende o ano 2012, sempre con boa participación e satisfacción por parte das familias usuarias. É un recurso para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral cunha metodoloxía lúdica- coeducativa, que pretende ofrecer un espazo seguro, agradable e educativo para nenos e nenas entre 4 e 13 anos durante os meses de verán.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

As prazas cubríronse durante os anos que se leva desenvolvendo o Programa, o que pon de manifesto a necesidade que existe de ter un recurso de conciliación neste período vacacional.

Trala experiencia de anos anteriores e atendendo ao aumento da demanda e das necesidades das familias, propónse ampliar o horario da actividade ata as 14:30 horas.

Atendendo a petición feita por varias familias do ano anterior, proponse aumentar a idade ata os 13 anos. Esta proposta fundaméntase na consideración de que aínda é unha idade moi baixa para estar so/soas en casa e para dar continuidade a nenos e nenas que levan participando varios anos no programa.

O número de prazas que se oferta inicialmente é de 20 para a franxa 4-6 anos e de 24 para a franxa 7-13 anos. Na liña do ano anterior, contarase con catro persoas mentoras.

O programa realizarase durante os meses de xullo e agosto, entre as 8:30 e as 14:30 horas.

3. OBXECTIVO

Ofrecer un espazo durante as vacacións de verán (xullo e agosto), mediante a contratación dunha empresa externa especializada no sector lúdico-coeducativo, con experiencia no traballo con infancia.

4. PROCEDEMENTO

A pesares de ser un servizo municipal, é imposible realizar o obxecto do contrato por medios propios, debido ás especificacións do persoal, ás funcións propias do proxecto e ao cadro de persoal existente agora mesmo nas áreas de Servizos sociais e Educación.

O procedemento de contratación rexerese pola modalidade de contrato menor, como opción excepcional dos procedementos administrativos. Para isto, procederase a facer unha invitación xeral a varias empresas do sector para a presentación de ofertas, establecendo un prazo máximo de entrega no Rexistro Municipal.

A selección de empresas para a invitación será atendendo á especialización no ámbito educativo infantil.

5. ORZAMENTO

Considerando o gasto dos últimos anos, estímase que será preciso destinar 15.000€ (máis IVE) para o desenvolvemento do servizo, á espera de valorar as propostas presentadas.

Ademais de ser un concepto anual fixo xa previsible no gasto municipal, solicítase unha subvención anual á Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia para o desenvolvemento do servizo municipal de conciliación, o cal cubre unha parte importante do gasto.

Considerando o anterior, INFORMO

da necesidade de iniciar o procedemento administrativo de contrato menor para a contratación do Programa Concilia Tempos durante os meses de xullo e agosto de 2024, a través da xestión dunha empresa externa.

Valdoviño, 15 de abril de 2024

*Iria García Martínez
Educatora social”*

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local, aprobar o procedemento para a contratación do programa “Concilia Tempos Verán 2024” cunha estimación de gasto máximo de 15.000€ (máis IVE), condicionado o dito importe ao resultado da valoración das propostas presentadas.

*Alberto González Fernández
O Alcalde”*

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C002/000002).

6º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL. -

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL

Vista a necesidade de persoal no Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño e que, de xeito transitorio, o Concello de Narón pon a disposición a unha das súas funcionarias para a prestación dos servizos e funcións que lle son propias.

En virtude da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, que regula no seu artigo 209 a realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais establecendo que de acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local indicando que para elo as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará o ámbito de aplicación, os servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local, o persoal asignado aos devanditos servizos e as funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

Vistos os informes dos Departamentos de Secretaría, Intervención e Servizos Sociais Comunitarios e visto o certificado de aprobación do convenio polo Pleno do Concello de Narón.

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas polo artigo 21.1 apartados h) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do Réxime local esta Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o Concello de Valdoviño en material de persoal que se transcribe deseguido.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL

En _____, a de xaneiro do 2024

COMPARECEN

Por unha parte, Dona Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Narón, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outra parte, Don Alberto González Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que ambas entidades locais están amparadas para a subscripción de convenios de colaboración para garantir unha prestación mais eficaz dos servizos básicos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

SEGUNDO.- A Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, regula no seu artigo 209 a realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais establecendo que de acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local indicando que para elo as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará o ámbito de aplicación, os servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local, o persoal asignado aos devanditos servizos e as funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

TERCEIRO.- O Concello de Valdoviño atópase nunha situación de grande volume de traballo como consecuencia do cese do contrato da traballadora social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios responsable do Programa Básico de Inserción Social.

CUARTO.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación, así cabe mediante a necesaria colaboración entre distintas administracións locais, poder prestar á veciñanza servizos de calidade

QUINTO.- Que o Concello de Narón dispón entre os seus medios persoais, dunha funcionaria que lle pode dar cobertura as necesidades deste Concello na materia que nos ocupa.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio e ámbito de aplicación.

O presente Convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre os comparecentes, posto que os dous concellos teñen interese en articular unha fórmula de colaboración para que a persoa designada polo Concello de Narón, que está conforme coa dita designación, poida desenvolver as súas funcións nas dependencias do Concello de Valdoviño en materia de traballo social, de xeito temporal polo prazo máximo de un ano para realizar estas funcións.

As funcións se realizarán fora da xornada ordinaria da traballadora no Concello de Narón

SEGUNDA.- Servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local e detalle das funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

A funcionaria designada realizará as funcións propias de Traballo Social (atención a persoas usuarias para informar e tramitar expedientes).

TERCEIRA.- Forma de colaboración das partes.

A traballadora do Concello de Narón desenvolverá as súas funcións nas dependencias administrativas do Concello de Valdoviño, admitindo en situacións puntuais a modalidade de teletraballo.

A intensidade e horarios dependerán das necesidades de ambos concellos fixándose nun máximo de 40 horas mensuais. Poderanse realizar un número maior en circunstancias excepcionais que deberán contar coa autorización de ambos concellos e da traballadora, para o que asinarán un documento conxunto os dous representantes municipais e a funcionaria de acordo co modelo contido no Anexo I deste convenio.

O Concello de Valdoviño transferirá ao Concello de Narón os importes que deriven do seguinte cálculo: Nº de horas de traballo realizadas mensualmente dentro dos límites sinalados: custo hora gratificación.

Máximo precio hora (175% hora ordinaria da traballadora en Narón : (arti. 47 RD 2001/1983)

A tal efecto, nos dez primeiros días do mes seguinte, a empregada do Concello de Narón presentará un parte de horas realizadas no mes anterior, que será asinado polo Alcalde de Concello de Valdoviño, en proba de conformidade, tramitando o gasto correspondente que será ingresado mediante transferencia bancaria.

O Concello de Valdoviño aboará o maior custo de Seguridade Social que soporta o Concello de Narón polo incremento de retribucións do persoal afectado polo referido Convenio de Colaboración entre as entidades locais en materia de persoal.

O Concello de Narón aboará a cantidade mensual de gratificacións resultante unha vez recibido o ingreso do Concello de Valdoviño, na nómina da traballadora ao final de cada mes.

CUARTA.- Designación da funcionaria do Concello de Narón a que se lle encomenda a realización das ditas tarefas.

A funcionaria designada é Dna. LAURA TOJO FERNÁNDEZ

QUINTA.- Natureza administrativa do convenio.

Este acordo ten natureza administrativa, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do disposto no seu artigo 6.

SEXTA.- Cuestións litixiosas.

O presente Convenio ten carácter administrativo, réxese polo establecido nas súas cláusulas. Se non hai acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura polo prazo dun ano.

O Concello de Valdoviño comprométese a consignar no seu orzamento de 2024 crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas derivadas deste convenio. Ademais, o convenio perderá a súa vixencia previa comunicación a outra parte cunha antelación de 15 días, polos seguintes motivos:

- Por non ser necesaria a prestación da dita colaboración, se o Concello de Valdoviño acada igualmente un funcionamento áxil dos seus servizos.

- Se a persoa designada para a dita colaboración, manifesta posteriormente non estar conforme con continuar prestando os seus servizos no outro termo municipal.

- Se o Concello de Narón estima que non é posible colaborar, con motivo de dar cobertura a necesidades propias do seu concello.

Nestes supostos a empregado designado presentará un parte das horas realizadas pendentes de abonar e no prazo, e previa conformidade da Alcaldía, procederase ao abono dos importes que se determinan na cláusula terceira.

O convenio poderá ser obxecto de prórroga por unha duración máxima igual á estipulada, un ano. A estes efectos será necesario acordo de prórroga expresa adoptado polos órganos competentes de ambos concellos e a constancia da conformidade expresa da funcionaria; todo con carácter previo á finalización do convenio.

**A Alcaldesa do Concello de Narón
Concello Valdoviño**

O Alcalde do

ANEXO I

Dadas as circunstancias actuais de acumulación de tarefas derivadas de que determinan a necesidade de que, excepcionalmente, se incrementen as horas semanais sinaladas como máximas na cláusula terceira do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL para a realización de funcións pola traballadora social LAURA TOJO FERNÁNDEZ.

Funcións tarefas a Realizar	<p>e</p> <p>a) O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.</p> <p>b) A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.</p> <p>c) A identificación de grupos de poboación e persoas socialmente vulnerables e a detección precoz de situacións de risco ou desprotección para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.</p> <p>d) A atención das situacións individuais e familiares, a información en relación coas demandas presentadas, o diagnóstico e a valoración técnica previa e a consecuente xestión do caso, que incluírá, cando sexa conveniente, a derivación cara ao recurso idóneo dentro do sistema galego de servizos sociais ou doutros sistemas de benestar, así como a asistencia, a orientación e, se é preciso, o acompañamento, no procedemento de acceso normalizado a outros recursos existentes.</p> <p>e) A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de</p>
--	--

	<p>intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social.</p> <p>f) A xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.</p> <p>g) A información, a orientación e o asesoramento a toda a poboación, facilitando o seu acceso aos recursos sociais.</p> <p>h) O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.</p> <p>i) O mantemento actualizado do sistema de información de persoas usuarias.</p> <p>j) A coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no seu territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a súa actuación.</p> <p>k) A cooperación con outras administracións e poderes públicos na remisión de información necesaria nos procedementos que correspondan en relación cos servizos sociais comunitarios e as súas persoas usuarias, sen prexuízo da observación das garantías establecidas na normativa sobre protección de datos de carácter persoal.</p>
Descrición medios técnicos	Despacho acondicionado e medios electrónicos e tecnolóxicos (ordenador con acceso a internet e impresora e teléfono)
Duración estimada	10 horas semanais durante un prazo aproximado de doce meses (duración estimada para a cobertura do posto)
Contraprestación económica	<p>Prezo hora extraordinaria: 18,03 €</p> <p>18,03€ x 40 horas mensuais: 721,2/mes</p> <p>12 meses: 8654,4 €</p> <p><i>*Acordo negociado regulador das condicións de traballo e dereitos sindicais dos funcionarios do Concello de Valdoviño, aprobado polo Pleno Municipal en sesión extraordinaria do 2 de xullo de 1992.</i></p>

Estando todas as partes de acordo na prestación transitoria dun número de horas semanais superior ao indicado e fixando ese máximo para o mes de enhoras/semanais, asinan en proba de conformidade os seguintes:

A Alcadesa de Narón
funcionaria

O Alcalde de Valdoviño

A

(O presente documento debe acompañarse de certificado ou documento contable de RC na aplicación correspondente para a asunción do custe derivado do incremento de horas semanais).

Segundo.- Dar conta aos servizos económicos aos efectos que procedan.

Terceiro.- Notificar ao Concello de o acordado pola Xunta de Goberno Local para o seu coñecementos aos efectos oportunos.

Documento asinado electronicamente polo alcalde/alcaldesa na data indicada a marxe.

Así o acordo, mando e asino na data que figura á marxe

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A006/000003).

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/